

## **PUBLICACIÓN ACORDO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO**

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Xunta de Goberno desta Entidade Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 26 de agosto de 2019 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe:

### **4.- Subvencións. Concesións**

#### **4.1.- Subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividade xeral durante o ano 2019.**

Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do luns 20 de maio de 2019 foron aprobadas as "Bases xerais reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividade deportiva durante o ano 2019".

Na mesma sesión foron aprobadas as "Bases específicas da convocatoria de subvencións para o financiamento de proxectos de actividade xeral durante o ano 2019".

Posteriormente publicáronse no Bop da provincia de A Coruña nº 95, de 22 de maio de 2019, e no Bop da provincia de A Coruña nº 101, de 30 de maio o correspondente extracto, relativo á Base Nacional de Datos de Subvencións.

De acordo coa base 9 das Bases reguladoras Xerais, por decreto de alcaldía 1958/2019 de 17 de xullo, designáronse os membros da Comisión Avaliadora, que celebrou a súa xuntanza o día 19 de xullo de 2019, da que se emite acta e na cal se fomulou proposta de acordo provisional.

Vista a acta da xuntanza e a proposta de resolución provisional, a Alcaldía resolveu por decreto nº 2081/2019 de data 30/07/2019, entre outras, conceder provisionalmente as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividade xeral durante o ano 2019, e abrir un prazo de 10 días hábiles para que as entidades solicitantes, de o estimar oportuno, presentaren alegacións.

Transcorrido o prazo non se recibiron alegacións polo que, vista a proposta do Concelleiro delegado de Deporte e Cultura, de 20/08/2019, no expte. 2019/A002/000009, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1661/2019 de 17/06/19 (BOP nº 117 de 21/06/2019, nº anuncio 2019/4892), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes (5), acorda:

**Primeiro.-** Incrementar os importes globais correspondentes ás "Bases específicas da convocatoria de subvencións para o financiamento de proxectos de actividade xeral durante o ano 2019", por importe de 1.000,00 € acadando así un importe global de 92.000,00 €, dado que unha vez resoltas con anterioridade a "Convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2019" e a "Convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2019" non se acadou o gasto máximo previsto existindo un importe excedente, e contemplando as bases específicas das convocatorias que o importe do crédito destinado ás mesmas, poderá incrementarse nunha contía adicional sen necesidade de nova convocatoria respectando os limites e condicións establecidos no artigo 58 do Real decreto 887/2206, do 21 de xullo, e no artigo 9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A intervención municipal realizará os oportunos trámites.

**Segundo.-** Conceder as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividade xeral durante o ano 2019 ás entidades que se relaciona no anexo 1, polos

CONCELLO DE CARBALLO.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2019/A002/000009

importes que se indican, con cargo á aplicación 3410/48900 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal en vigor, sendo o importe total proposto de 92.000,00 €.

**Terceiro.-** Autorizar ás entidades sinaladas no Anexo 2, e para a execución das actividades obxecto das solicitudes contratar cas persoas e/ou entidades vinculadas que se relacionan, por atoparse nalgunha das circunstancias previstas no art. 68.2 do RD 887/2006, o cal solicitaron facendo constar expresamente que os seus importes se axustan a criterios de mercado.

**Cuarto.-** Exonerar a tódolos beneficiarios da constitución de garantía necesaria para importes de subvención que excedan de 3.000,00 €, segundo o previsto nas bases xerais da convocatoria, xa que declaran insuficiencia financeira para asumir os gastos de constitución da mesma e os que se derivan do proxecto subvencionado.

**Quinto.-** Ordear a notificación ós interesados propostos como beneficiarios na forma prevista na Lei39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, para que no prazo de dez días comuniquen a aceptación ó Servizo de Fomento e Programas Deportivos, advertindo de que transcorrido o prazo sen terse producido a aceptación expresa, a subvención entenderase tácitamente aceptada.

**Sexto.-** Ordear a publicación deste acordo no taboleiro de anuncios do concello de Carballo e na páxina web municipal <http://carballo.gal/deporte/portada.php>.

**Sétimo.-**No cumprimento do disposto no artigo 18.2 da Ley 38/2003, general de subvenciones, e demáis normativa de desenvolvemento, o Concello de Carballo remitirá a Base de Datos Nacional de Subvenciones información sobre a concesión desta subvención ós respectivos beneficiarios.

## **Anexo 1.- Subvencións concedidas para o financiamento de proxectos de actividade xeral durante o ano 2019.**

<b>Subvencións concedidas para o financiamento de proxectos de actividade xeral durante o ano 2019. Concesión Provisional.</b>						
Nº	Entidade Solicitante	CIF/NIF	Obxecto	Puntos	Importe Subvención	Orzamento mínimo a xustificar
1	Agrupación Deportiva Fogar	G15160773	Actividade Xeral dos equipos federados de natación e triatlón 2019.	43,70	<b>8.588,99 €</b>	12.269,99 €
2	Asociación Deportiva Xiria	G15113376	Promoción do voleibol e desenrolo das diversas competicións.	26,10	<b>5.129,81 €</b>	7.328,30 €
3	Atletismo Carballo	G70386248	Proxecto Deportivo Anual 2019.	14,92	<b>2.140,00 €</b>	3.057,14 €
4	Club Baloncesto ARTAI	G70226675	Actividade Xeral para a Promoción do Deporte Federado durante o ano 2019.	35,84	<b>7.044,15 €</b>	10.063,07 €
5	Club Ciclista Carballo	G15208879	Escolas de Ciclismo.	17,09	<b>3.358,95 €</b>	4.798,50 €
6	Club de Xadrez O Toque Xiria	G70072582	Actividade xeral Federada do club xadrez O Toque Xiria Carballo 2019.	11,15	<b>2.000,00 €</b>	2.857,14 €
7	Escola Basket Xiria	G70045844	Promoción do Baloncesto e competición federada Escola Basket Xiria 2019.	61,57	<b>12.101,24 €</b>	17.287,48 €
8	Escola Lubiáns de Hóckey a Patíns	G15149230	Escola Lubiáns de Hockey e Patinaxe.	28,49	<b>3.000,00 €</b>	4.285,71 €
9	Escolas Balonmán Xiria	G70046362	Promoción Balonmán nas Competicións.	89,11	<b>17.514,07 €</b>	25.020,10 €
10	Escolas de Fútbol Luis Calvo Sanz	G15794589	Fomento do Deporte Base no Concello de Carballo.	53,14	<b>10.444,37 €</b>	14.920,53 €
11	Judo Club Bergantiños	G70457411	Judo Federado 2019 y Circuito Copas de España.	11,58	<b>2.275,99 €</b>	3.251,41 €
12	Karate-Do Carballo	G70319744	Actividade Xeral e adquisición de material deportivo durante o ano 2019.	6,18	<b>1.214,64 €</b>	1.735,21 €
13	S.D. San Lorenzo de Berdillo	G15321060	Actividade deportiva 2019.	10,60	<b>2.083,36 €</b>	2.976,24 €
14	Salvamento y Socorrismo Carballo	G15171911	Salvamento Deportivo 2019	35,38	<b>6.953,74 €</b>	9.933,91 €
15	Sociedade Deportiva Sofán	G15603376	SD Sofán Actividade Deportiva 2019	41,47	<b>8.150,69 €</b>	11.643,85 €
<b>Total</b>					<b>92.000,00 €</b>	

**Anexo 2.- Entidades autorizadas para a execución das actividades obxecto das solicitudes contratando cas persoas e/ou entidades vinculadas que se relacionan.**

Solicitante	CIF/NIF	Expediente	Proxecto a Subvencionar	Empresa o persoa ca que se contrata.	Descrición do gasto.	Importe Solicitado
Agrupación Deportiva Fogar	G15160773	2019/A003/000218	Actividade Xeral dos equipos federados de natación e triatlón 2019.	Gustavo Álvarez Nogueira	Salario Adestrador e Director Xeral	35.744,76€
				María Teresa Vila Bermúdez (Asesoría Barca & Vila)	Asesoría Fiscal e Contable da Entidade	1.500,00€
				Jesús Francisco Pereira Campos(Talleres Bergantiños,SL)	Mantemento Vehículos da Entidade	2.500,00€
Karate-Do Carballo	G70319744	2019/A003/000214	Actividade Xeral e adquisición de material deportivo durante o ano 2019.	Alejandro Felpeto Gesto	Técnico Entrenador: Gastos personal	4.450,00 €

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretaria accidental

Susana Mariño Lorenzo